



XUNTA DE GALICIA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E O CONCELLO DE O CARBALLIÑO PARA A AMPLIACIÓN E MELLORA DO CENTRO DE RECOLLIDA DE ANIMAIIS VAGABUNDOS OU ABANDONADOS.**

Santiago de Compostela, a 29 de marzo de 2006

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Manuel Vázquez Fernández, Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, que actúa en nome e representación da Xunta de Galicia a teor do disposto no artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e designado para este cargo segundo o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

E doutra, D. Carlos Alberto Montes Marqués, que actúa en nome e representación do Concello de O Carballiño, pola súa condición de Alcalde.

Ámbalas dúas partes actúan coa representación legal que regulamentariamente teñen conferida, e no marco das súas respectivas competencias recoñécense a capacidade para obrigarse.

**EXPOÑEN**

1.-Que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, en virtude do establecido no Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, ten atribuída as competencias en materia de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, que están recoñecidas pola Comunidade Autónoma de Galicia no seu Estatuto de Autonomía (Art. 27.30, 30.1.3 e 33.1) aprobado por Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e que lle foron transferidas en virtude dos Reais Decretos 167/1981, 3318/1982, 1234/1983 e 1535/1984, de traspaso de funcións e servizos a dita Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.

2.-Que ao abeiro da competencia estatutaria, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e o Consello da Xunta aprobou o Decreto 153/1998, do 2 de abril, que regula a Lei 1/1993, do 13 de abril. A



# XUNTA DE GALICIA

lexislación anterior recolle, entre outras, as atencións mínimas que deben recibir os animais dende o punto de vista hixiénico-sanitario e as condicións axeitadas para a súa recollida e mantemento nun centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, así como as condicións xerais que deben reunir os establecementos en xeral.

Por todo o visto anteriormente é desexo de ámbalas dúas partes ampliar e mellorar substancialmente a capacidade e viabilidade das instalacións do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, que xestiona o Concello de O Carballiño, coa finalidade de continuar e ampliar a labor social que este centro realiza, no marco do cumprimento da lexislación de animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia.

En virtude do anteriormente exposto, ámbalas dúas partes suscriben o presente convenio con suxección ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA

#### OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a cooperación e colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello de O Carballiño, para levar a cabo a ampliación e mellora do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, perseguindo conseguir un aumento significativo da capacidade de dito establecemento, para dar resposta ao elevado número de animais de compañía abandonados ou vagabundos que recolle e mantén dito establecemento.

### SEGUNDA

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible aportará unha contribución económica ao Concello de O Carballiño para que sexa investida na ampliación e mellora do centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados, garantindo o cumprimento do preceptuado na Lei 1/1993, do 13 de abril e no Decreto 153/1998, do 2 de abril, que regula a Lei anterior.

O ámbito de funcionalidade deste centro será para o Concello de O Carballiño, independentemente de que dito Concello poida tamén efectuar convenios con outros concellos veciños, no referente á recollida e mantemento de animais vagabundos ou abandonados.

O proxecto técnico relativo ás obras de ampliación do centro de recollida presentaranse no prazo máximo de 15 días despois da sinatura do convenio. Posteriormente



# XUNTA DE GALICIA

será revisado e aprobado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, momento a partir do que poderán iniciarse as obras.

A presente aportación será financiada pola medida 3.10 “Accións medioambientais derivadas da conservación da paisaxe e da economía agraria” correspondente ao programa operativo rexional de Galicia FEOGA (2000-2006), cuestión que deberá ser reflectida no correspondente cartel, segundo a normativa europea. Esta axuda será incompatible con calquera outra que sexa financiada con fondos da Unión Europea.

O Concello de O Carballiño deberá cumprir as obrigas que para os beneficiarios de subvencións e axudas públicas establece con carácter xeral o artigo 78.4 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario (Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro).

En ningún caso o importe das axudas das que se poida beneficiar o Concello para este proxecto superará o custo total do investimento. No caso de que isto ocorra, a axuda da Xunta veríase reducida proporcionalmente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación da resolución de concesión aos efectos do determinado no artigo 78.9 do Decreto Lexislativo 1/1999, polo que se aproba o texto refundido da Lei do réxime financeiro e presupostario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Asemade, o Concello de O Carballiño deberá observar o establecido nos artigos 78.10 e 78.11 do antedito precepto.

O Concello de O Carballiño deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

O convenio non implicará relación laboral entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o persoal que poida utilizar o Concello para o cumprimento das súas obrigas.

O presente convenio non implica ás competencias da Consellería nin asunción de outras que non lle correspondan.

Por outra banda, terásese presente a regulación do artigo 29º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, General de Subvencións, no referente á subcontratación de actividades subvencionadas.

Procederáse á contratación das obras de acordo co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.



### TERCEIRA

O Concello de O Carballiño comprométese a establecer ao contratista encargado da execución das obras de reforma ou ampliación, a obriga de colaboración no exercicio das funcións de control previstas no artigo 46º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, General de Subvencións.

### CUARTA

O Concello de O Carballiño comprométese a levar a cabo o disposto na cláusula anterior ademais de:

- Ter a disposición e xustificar a dispoñibilidade dos terreos onde se sitúe a construción do centro de recollida de animais abandonados que cumprirá o disposto no artigo 36º apart.1, parágrafo a) do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro. A dispoñibilidade deberá acreditarse por un período non inferior a 10 anos.
  - Conceder as oportunas licencias, ~~permisos e autorizacións~~ de competencia municipal que sexan precisas para a execución das obras.
  - ~~Habilitar os accesos necesarios para dar servizo á nova instalación, incluíndo o aporte de auga potable e de suministro eléctrico.~~
  - Levar a cabo a elaboración do proxecto e a execución do mesmo. Presentar o proxecto técnico de centro de recollida de animais abandonados na Dirección Xeral de Conservación da Natureza, onde se procederá á súa aprobación ou á súa corrección e mellora técnica, de selo caso, para garantir o cumprimento da normativa sobre protección animal.
  - ~~Desempeñar as funcións concretas de recollida e mantemento de animais cumprindo coas especificacións da Lei 1/1993, do 13 de abril, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril (en concreto cos artigos do 53 ao 60 do Decreto 153/1998, do 2 de abril).~~
- ~~Realizar o mantemento e coidado axeitado das instalacións e dos animais, cumprindo coas obrigas impostas na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, como no Decreto 153/1998, do 2 de abril.~~
- ~~Cumprir estrictamente cos protocolos hixiénico sanitarios e de manexo que permitan garantir un benestar dos animais albergados.~~
- ~~O investimento manterase durante un período mínimo de 10 anos cumprindo activamente coa finalidade de centro de recollida e mantemento de animais vagabundos ou abandonados.~~

### QUINTA

~~O financiamento da obra en cuestión correrá a cargo do orzamento da Dirección Xeral de Conservación da Natureza dentro do programa 342-A e na aplicación 760.0. O orzamento~~



# XUNTA DE GALICIA

total é de cento cincuenta mil euros (150.000 €), correspondente ao ano 2006. Tal orzamento poderá verse diminuído na proporción correspondente á baixa da licitación.

*fora de  
deber de  
pagar*

O importe correspondente á anualidade será aboado mediante presentación da factura, acta de recepción e certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos destinados a tal efecto, sempre que se realicen satisfactoriamente as obras e se axusten á construción acordada no proxecto aprobado, conforme ao establecido no artigo 15 do decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

## SEXTA

Para velar pola execución do presente convenio, créase unha Comisión de Seguemento composta polo director xeral de Conservación da Natureza e o Alcalde-Presidente do Concello de O Carballiño, ou ben polas persoas en que deleguen, que se deberán reunir tantas veces sexa necesario para conseguir que o convenio acade os seus resultados.

## SETIMA


A Comisión de Seguemento interpretará o clausurado e resolverá as diverxencias que puideran xurdir, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.

## OITAVA

Este convenio empezará a produci-los seus efectos a partir da data da súa sinatura, e terá validez ata o 30 de novembro de 2006, por esixencias de execución do presuposto de gastos desta Consellería. Este convenio poderá prorrogarse por acordo expreso entre ámbalas dúas partes.

## NOVENA

Será motivo de rescisión do presente convenio o incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que concluíran as actividades acordadas ou as modificacións das directrices inicialmente aprobadas. A rescisión producirase posteriormente á denuncia de calquera das partes, oída a Comisión á que se refire a cláusula quinta.





DÉCIMA

O presente convenio ten natureza administrativa. Correspóndelle ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, non obstante ao establecido na cláusula sétima, a facultade de interpretación, pondo as súas resolucións fin á vía administrativa, conforme ao recollido no artigo 109 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e tan só caberá o recurso pertinente perante a xurisdicción contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio por duplicado na data e lugar indicados ao principio.

Pola Consellería de Medio Ambiente e  
Desenvolvemento Sostible

Polo Concello de O Carballiño

Asdo.: Manuel Vázquez Fernández.

Asdo.: Carlos Alberto Montes Marqués.